

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*RESOLUCIÓN do 5 de decembro de 2011 pola que se dá publicidade aos cambios producidos na Orde do 6 de outubro de 2011 pola que se establecen os domingos e festivos nos cales se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2012.*

De acordo co disposto no artigo 6.2 da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, dáse publicidade aos cambios producidos na Orde do 6 de outubro de 2011 como consecuencia da Resolución do 5 de decembro de 2011 pola que se modifican os domingos e días festivos hábiles comercialmente para o concello de Ferrol, logo da correspondente solicitude ao concello.

Os domingos e festivos nos cales os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público cun horario máximo de 12 horas diarias no concello de Ferrol durante o ano 2012 son:

- 7 de xaneiro.
- 5 de abril.
- 1 de xullo.
- 2 de decembro.
- 8 de decembro.
- 16 de decembro.
- 23 de decembro.
- 30 de decembro.

Para os restantes concellos comprendidos no ámbito de aplicación da devandita Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, rexerá o disposto na Orde do 6 de outubro de 2011 (DOG do 14 de outubro).

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2011.

Javier Guerra Fernández  
Conselleiro de Economía e Industria